Las solicitudes presentadas fuera del plazo reglamentariamente establecido podrán no ser tenidas en cuenta en la resolución del correspondiente expediente de concesión. En el supuesto de que los créditos presupuestarios autorizados no fuesen suficientes para atender a todas las solicitudes presentadas y que reúnan todas las condiciones fijadas para el otorgamiento de la subvención, el crédito disponible se comprometerá a favor de las subvenciones presentadas en plazo, y únicamente en el supuesto de que existan remanentes de crédito, se entrará a valorar las solicitudes extemporáneas por orden de presentación.

Los servicios municipales tendrán a disposición del público modelos normalizados de solicitud, cuya expedición y entrega tendrá carácter gratuito para los interesados.

Art. 10.- Obligaciones del beneficiario.

Son obligaciones del beneficiario:

A. Cumplir el objetivo, ejecutar el proyecto, realizar la actividad o adoptar el comportamiento que fundamenta la concesión de las subvenciones.

B. Justificar ante el Ayuntamiento el cumplimiento de los requisitos y condiciones, así como la realización de la actividad y el cumplimiento de la finalidad que determinen la concesión o disfrute de la subvención.

C. Someterse a las actuaciones de comprobación, a efectuar por el Ayuntamiento así como cualesquiera otras de comprobación y control financiero que puedan realizar los órganos de control competentes aportando tanta información le sea requerida en el ejercicio de las actuaciones anteriores.

D. Comunicar al órgano concedente o la entidad colaboradora la obtención de otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos que financien las actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se conozca y, en todo caso, con anterioridad a la justificación de la aplicación dada a los fondos percibidos.

E. Acreditar con anterioridad a dictarse la propuesta de resolución de concesión que se halla al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social, en la forma que se determine.

F. Disponer de los libros contables, estados contables y registros específicos sean exigidos por las bases reguladoras de las subvenciones, con la finalidad de garantizar el adecuado ejercicio de las facultades de comprobación y control.

G. Conservar los documentos justificativos de la aplicación de los fondos recibidos, incluidos los documentos electrónicos, en tanto puedan ser objeto de las actuaciones de comprobación y control.

H. Adoptar las medidas de difusión del hecho de que la actividad se encuentra subvencionada por el Ayuntamiento de Outeiro de Rei que se determinen en la convocatoria.

I. Proceder al reintegro de los fondos percibidos en supuestos de mal uso.

J. Aceptar la subvención; en el caso de que esto no fuese posible, deberá renunciar a ella, expresa y motivadamente, en el plazo de quince días hábiles contados a partir de la recepción de la notificación de concesión de subvención. El mismo plazo rige para la aceptación expresa de la subvención.

Art. 11.- Justificación de la subvención:

Los beneficiarios de las subvenciones deberán presentar en las oficinas municipales correspondientes, en un plazo inferior a los 3 meses desde la finalización del programa o actividad subvencionado y, en todo caso, antes del 15 de diciembre del año en curso, la siguiente documentación:

1.- Memoria explicativa de las actividades realizadas, salvo en las subvenciones relativas a la escolarización o las otorgadas por los servicios sociales municipales.

2.- Facturas originales y fotocopia de las mismas, al objeto de su comprobación por los Servicios Municipales devolviéndose posteriormente los originales al peticionario. A estos efectos las facturas deberán estar debidamente conformadas (fechadas en el ejercicio económico para el que se concedió subvención, contener el número de identificación fiscal del preceptor, sellos y firmas de los suministradores). No se admitirán como justificación los gastos realizados para el cumplimiento de fines distintos a los que se concedió la subvención.

3.- Un ejemplar del programa, cartel anunciador y fotografías u otra documentación gráfica elaborada en/o para el desarrollo de la actividad subvencionada, debiendo constar en tales ejemplares el patrocinio del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

4.- Fotocopias de los acuerdos de concesión de ayudas económicas por otras Instituciones si no pudieran aportarse en el momento de la solicitud de la subvención ante esta Corporación.

5.- En el caso de que no se hubiera gastado total o parcialmente la subvención concedida o no se hubiera destinado a los fines previstos, deberá reintegrarse a las arcas municipales.

6.- Cuando se realicen pagos a Entidades que tengan que presentar declaración del I.V.A. la justificación deberá venir acompañada de la correspondiente factura o duplicado de la misma.

7.- Declaración jurada expedida por el preceptor, de que fue cumplida la finalidad para la que se otorgó la subvención conforme al proyecto presentado.

Se admitirán, a mayores, cualquier otra documentación que se pueda pedir para la mejor justificación del gasto, o cualquiera otra de la que se derive la realización de la actividad (notas de prensa, ...).

Art. 12.- Régimen sancionador:

En todo lo que respecta al régimen sancionador se estará a lo dispuesto en la Ley General de Subvenciones.

Art. 13.- Régimen especial de otorgamiento de premios por asistencia a actos formativos o culturales organizados por el Ayuntamiento de Outeiro de Rei:

El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, podrá otorgar premios por la asistencia a actos formativos o culturales por él organizados, previa celebración de sorteo público, y siempre que la celebración del

sorteo, con indicación de los premios a sortear, se anuncien en los mismos medios en los que se publicite la celebración del acto y, en todo caso, mediante anuncio en el Tablón de Edictos del Ayuntamiento con una antelación mínima de 10 días al de la finalización del plazo de presentación de solicitudes de participación.

La celebración del sorteo, así como la identidad de los premiados, se hará constar en el correspondiente acta.

DISPOSICIONES ADICIONALES

PRIMERA.- El órgano competente para el otorgamiento de la subvención realizará el oportuno seguimiento de las actividades subvencionadas, pudiendo solicitar en cualquier momento, las explicaciones o documentación que considere oportunas.

SEGUNDA.- Será competencia de la Alcaldía la interpretación y resolución de las dudas que de la presente Ordenanza pudieran resultar.

TERCERA.- La concesión de las subvenciones a que se refieren las presentes bases no implicará relación contractual alguna de carácter civil, laboral, administrativo o de cualquier otro tipo entre el Ayuntamiento y la persona o entidad beneficiaria de la subvención.

CUARTA.- Quedan excluidas de estas bases las subvenciones que pudiera otorgar el Ayuntamiento de Outeiro de Rei y tuvieran su fundamento en convenios o decisiones específicas suscritas entre el Ayuntamiento y otras Administraciones Públicas o Instituciones de todo tipo.

ANEXO

Achegas nominativas:

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, e dada a dificultade de promover un procedemento de concurrencia competitiva por tratarse de actividades de características tales que non existe máis ca un posible suxeito beneficiario no termo de Outeiro de Rei, poderanse outorgar subvencións polos importes máximos expresados as seguintes persoas:

- Coto de caza Paz:.....91 euros.
- Coto de caza Outeiro:451 euros.
- Coto de caza Vicinte:.....271 euros.
- Coto de caza Santa Isabel:.....1623 euros.
- Subvención fiestas patronales:.....7.800 euros.
- Subvención fiestas patronales parroquia de Outeiro de Rei:700 euros
- CEIP Otero Pedrayo:.....150 euros.
- Asociación de lucha contra el cáncer:300 euros.
- A.D.S.G Santa Isabel:6.000 euros.
- IES Río Miño:400 euros
- Escudería Miño Rallye C. Lugo.....:6 000 euros
- Charlie Racing Team (sponsorización).....700 euros

- Sociedad Deportiva Matela.....1800 euros
- Club Fútbol de Bonxe.....3450 euros
- Sociedad Deportiva de Outeiro de Rei.....17000euros
- Dositeo Rey Arias1.500 euros
- Sociedade protectora de animais.....2.070,50 euros.

Establécese unha partida de 5.000 euros para o outorgamento de subvencións nominativas de outorgamento directo non previstas no presente anexo. O seu outorgamento terá carácter excepcional, deberá acordarse na Xunta de Goberno Local e unicamente procederá en supostos de imposible previsión nas datas de elaboración do orzamento, e xustificando debidamente a improcedencia da apertura dun procedemento de concurrencia competitiva. O outorgamento destas achegas deberá publicarse no taboero de edictos do Concello.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O
EXERCIZO ORZAMENTARIO 2011

Alcaldía

AUXILIAR ADMINISTRATIVO 1:

- Persoal funcionario; Grupo C2, complemento de destino 16, complemento específico 7.630,80 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Adscripción indistinta.
- Funcións: Mecnografía, rexistro de documentos, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, atención ao público directa e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

VIXILANTE:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.258,72 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; formulación de denuncias e actas de inspección con valor probatorio en asuntos de competencia municipal; práctica de notificacións e comunicacións; porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

CONSERXE 1:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.258,72 euros
- Forma de provisión do posto: concurso; adscripción indistinta.
- Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; notificacións e comunicacións, porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

CONSERXE 2:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.258,72 euros
- Forma de provisión do posto: concurso; adscripción indistinta.
- Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

Servizos xerais

SECRETARIO:

- Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico 33.477,36 euros.
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: Asesoramiento legal preceptivo, fe pública, coordinación administrativa dos servizos administrativos, normalización xurídica de procedementos.
- Situación administrativa: servizo activo.

ADMINISTRATIVO 1:

- Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 8.557,56 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Levanza do Padrón Municipal de habitantes; Arquivo e custodia de expedientes de Secretaría; Levanza do rexistro xeral do Concello; transcripcions dos libros de actas do Pleno; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo

ADMINISTRATIVO 2:

- Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 8.557,56 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Xestión do Imposto Municipal de Vehículos de Tracción Mecánica; Xestión da taxa por ocupación do vuelo e subsuelo de vías públicas; Levanza do rexistro de animais domésticos; Xestión e tramitación de subvencións municipais; redacción das actas da Xunta de Goberno Local e transcripción dos libros de actas da Xunta de Goberno Local; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo

ALGUACIL-PORTERO:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.258,72 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: vixilancia e custodia de edificios e servizos municipais; práctica de notificacións e comunicacións; porteo de documentos e bens mobles; levanza do portelo único; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

Tesourería

ADMINISTRATIVO 3:

- Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 15.646,8 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Xestión de taxas e impostos municipais non asignados especificamente a outros postos de traballo; expedición de providencias de apremio; contabilidade municipal; redacción de documentos de pago e cobro; xestión e realización de cobros e movementos internos de tesourería.
- Situación administrativa: servicio activo

Intervención

INTERVENTOR:

- Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico 15.901,68 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Adicación: parcial; 50% da xornada semanal.
- Funcións: Control e fiscalización da xestión económica e financeira da entidade local; redacción de ordenanzas fiscais; informe de asuntos de natureza económica para cuxa adopción se requira maioría especial, así o esixa o ordeamento xurídico ou o requira o Alcalde, elaboración de memorias e estudos económico financeiros, emisión de certificados de existencia de creto; orzamentación; informe de tramitación de recursos económicos (reposición ou alzada).
- Situación administrativa: servicio activo.

Urbanismo

ARQUITECTO MUNICIPAL:

- Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico: 26.781,96 euros.
- Forma de provisión do posto: concurso.
- Adicación: tempo parcial 80% de xornada semanal.
- Funcións: emisión de informes técnicos na xestión e disciplina urbanística; redacción e informes e tramitación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística; redacción de proxectos de obra, dirección de obra; supervisión de proxectos; asistencia e atención ao público en materia urbanística.
- Situación administrativa: Servicio activo.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO 2:

- Persoal funcionario; Grupo C2, complemento de destino 16, complemento específico 7.630,80 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Adscripción indistinta.
- Funcións: Mecanografía, tramitación de expedientes urbanísticos, despacho de correspondencia, confección e cobro de autoliquidacións e e liquidacións tributarias, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, rexistro de documentos, atención ao público directa e telefónica.
- Situación administrativa: servicio activo.

Servicios especiais

LIMPIADORA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS:

- Persoal laboral fixo; categoría profesional limpadora.
- Forma de provisión: concurso.
- Funcións: limpeza de edificios municipais.

- Coberto definitivamente mediante contrato laboral fixo.”

ANEXO DE INVERSIÓN

PLAN DE INVERSIÓN MUNICIPAIS: EXERCIZO 2011

A Continuación se detallan as inversións previstas para o presente exercicio orzamentario 2011, incluíndo aquelas anualidades de contratos de carácter plurianual imputables ó mesmo.

Tambián inclúense as transferencias de capital a outras administracións públicas para a execución de inversións no termo municipal cuxa titularidade dominical reverta no Concello.

A aprobación do presente plan anual de inversións implica a declaración de utilidade pública ou interese social das actuacións previstas no mesmo e descritas nos correspondentes proxectos técnicos. Ditos proxectos técnicos estarán a disposición do público na Secretaría da Corporación.

A declaración de necesidade de ocupación efectuarase segundo o disposto na Lei de expropiación forzosa. O órgano competente para aprobar provisoria e definitivamente a declaración de necesidade de ocupación, e para fixar definitivamente o xustiprezo será o sr. Alcade do Concello de Outeiro de Rei.

Plan de cooperación en obras e servizos de carácter local (Pos 2008).

- Importe máximo autorizable: 70.000 Euros.
- A perfección e execución das obras competen ao Concello.
- Contrato a cofinanciar polo MAP (50%), a Deputación Provincial (25%) e o Concello (25%).

Plan para a realización de pequenas obras de infraestruturas, anualidade 2011: Ampliación de alumeadado público en parroquias do Concello de Outeiro de Rei.

- Importe máximo autorizable: 50.000
- A perfección e execución das obras competen ao Concello.
- Contrato a cofinanciar pola Deputación Provincial nunha contía máxima de 19.500 euros.

Remate da urbanización correspondente ao Sector A Palloza.

- Importe máximo autorizable: 1.497.714,68 euros.
- A perfección e execución das obras competen ao Concello.
- Contrato a financiar polos propietarios mediante a repercusión das correspondentes cuotas de urbanización.

L.M.T, obra civil, C.R. Matela – Límite co término municipal de Rábade.

- Importe máximo autorizable: 200.000 euros.
- A perfección e execución das obras competen ao Concello.
- Contrato a financiar por BEGASA.

Remate da urbanización correspondente ao Sector RA-49 (Proven de exercizos cerrados).

- Importe máximo autorizable: 1.006.000 euros.
- A perfección e execución das obras competen ao Concello.
- Contrato a financiar polos propietarios mediante a repercusión das correspondentes cuotas de urbanización. Imputación contable a exercizos cerrados.

Obras de construción de servizos no cemiterio de Gayoso

- Importe máximo autorizable: 18.000 euros.
- A perfección e execución das obras competen ao Concello.
- Contrato a financiar polo Concello con cargo a fondos propios.

TOTAL INVERSIÓN A EXECUTAR NO EXERCIXO 2011: 2.841.714,6 euros”.

O sr. Alcalde inicia o debate asegurando que se trata dun orzamento moi positivo nos tempos que corren, que unicamente ten uns custes financeiros do 1,4% e non prevé a concertación de novos préstamos e prevé unha inversión de dous millóns trinta e catro mil euros, máis do 40% do orzamento.

É un orzamento que foi moi difícil de conseguir e de equilibrar, e máximo nun escenario económico coma o que vivimos e sen acudir á financiación externa, polo que solicita o apoio para a súa aprobación.

O voceiro do PSdG-PSOE, vota de menos o informe de Intervención, o que se bota de menos dado que puña ao equipo de Goberno no seu sitio.

Asegura que non hai endebedamento, xa que o ano pasado tivo que ser moi restrictivo dado que se liquidou con remanente de tesourería negativo. Tampouco se precisa se se leva un control dos gastos con financiación afectada, tal e como advertira no seu día a Interventora municipal.

Por outra banda, desexaría uns orzamentos máis desglosados, que permitan coñecer a natureza dos gastos aos que se adicarán as partidas orzamentarias.

Asemade, advirte que no Anexo de inversión prevese unha inversión de 1.006.000 euros para a execución do Sector RA-49, se ben dita cantidade non se reflicte no estado de gastos, a diferenza dos gastos de urbanización do Sector de A Palloza.

Por outra banda, extráñase a previsión dunha partida de 100 euros para inversións en terreos. O Alcalde sinalalle que se trata dunha pequena cantidade para manter aberta a partida na contabilidade municipal.

O sr Arcadio, voceiro do BNG, bota de menos o informe de Intervención, e máis cando existe unha interventora que está cobrando polo seu traballo.

Destaca que na liquidación do 2010 hai pendentes de cobro 1.580.000 euros, así como o feito de que se prevé un incremento de gastos de personal de 200.000 euros, cando ditos gastos tiñan que reducirse como consecuencia do recorte salarial.

Por outra banda, o presente orzamento é 900.000 euros inferior á liquidación do orzamento anterior, que rebasaba os seis millóns de euros.

Asemade pregúntase en qué meteu os máis de mil millóns das antigas pesetas, xa que non se fixo nada a destacar.

Por outra banda, as grandes inversións deste concello son as urbanizacións da Palloza e do RA-49, que se levan a práctica totalidade da inversión municipal, se ben non se pode calificar propiamente como inversión, xa que se fai cos cartos dos veciños e se lles obriga a pagar, sen darlles outra solución.

Augura que sucederá como en Matela, que as previsión orzamentarias arrastrábanse dun ano para o outro, dando a sensación dun gran esforzo orzamentario cando sempre era a mesma obra.

Respóndelle o sr. Pardo que absolutamente toda inversión págase polo cidadanos, xa que absolutamente todos os cartos públicos prevén dos cidadanos, a pesar de que isto parece descoñecerse tanto polo PSOE coma polo BNG, que deben creer que os cartos son seus, e de ahí veñen os déficits insoportables que sufrimos.

No tocante a extrañeza do voceiro do PSOE relativa á falla de consignación do creto para o RA-49, acláralle que, en tanto as cuotas de urbanización se liquidaron no exercizo anterior, a consignación pertence a dito exercizo, e se incorporará ao presente para a financiación das obras de urbanización, pero non como crédito orzamentario novo. Por iso non se contempla no estado de gastos de este orzamento inicial.

Asemade, convén diferenciar liquidación orzamentaria da aprobación do orzamento, e a contía inicial do orzamento do ano pasado era inferior a resultante da liquidación, xa que o orzamento pode verse incrementado como consecuencia da sinatura de convenios ou a adhesión a plans, como o FEESL do ano pasado.

Por iso, non se pode comparar a liquidación do exercizo anterior cos créditos iniciais deste ano. No seu caso, haberá que comparalo coa liquidación do presente exercizo.

Non pode incorporarse informe da Interventora porque a Interventora está de baixa, por iso incorpórase o do Secretario en funcións de Interventor. Outra cousa é que quera facer traballar a un traballador que esté de baixa. Se é así dígao claramente.

O incremento de gastos de personal débese aos programas de fomento do emprego, entre os que destaca o Plan Lugo Emprega con unha consignación orzamentaria de 98.000 euros.

No tocante ás urbanizacións, o Concello non lles impuxo sistema algún, ao contrario, foron os propietarios quenes solicitaron do Concello o cambio do sistema, e o Concello non aceptou até que se redactaros os estudos técnicos nos que se valoraban as obras pendentes de executar, e únicamente neste momento, e ante o coñecemento dos propietarios deste importe, desuelle a opción de elexir entre un sistema de compensación, no que as obras as facían eles e eles xestionaban os seus propios cartos ou un sistema de cooperación, no que as contrata o Concello, e a meirande parte dos propietarios optaron, por escrito, por que as obras as fixera o Concello e lles repercutise o seu custe.

Deuselles opción e eles escolleron, namentres que en outros Concellos próximos, as silvas pasan por riba das casas das urbanizacións que tiveron o mesmo problema.

E por suposto que as obras as pagan os propietarios, xa que sería totalmente inxusto que as pagasen o resto dos veciños do Concello, que non se benefician en absoluto das mesmas.

O sr. Varela, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, insiste na necesidade de que a Interventora emita o informe o, no seu defecto, un técnico entendido na materia.

Destaca que as obras de urbanización lévanse o 88% do orzamento de inversións do Concello. Se ben aquí o que temos que preguntarnos é porqué os propietarios teñen que pagar estes cartos.

E asegura que os propietarios non terían nada que pagar se o Concello houbera feito ben as súas tarefas, evaluando o custe das obras de urbanización polo seu custe real de mercado, e non aceptando sen máis o que afirma o promotor; solicitando garantía suficiente para responder do incumprimento das obras de urbanización e levando un control axeitado do grao de cumprimento. De facerse así os propietarios non terían nada que pagar.

En relación ao estado de ingresos, destaca a partida relativa a taxa polo enganche de auga, que é moi cara e inxusta, así como o IBI, que é superior ao mínimo legal e que implica unha carga aos propietarios de solo rústico.

O sr. Arcadio recorda que estes propietarios están pagando a urbanización dúas veces, e iso por culpa dunha mala xestión urbanística municipal.

Por outra banda, a concellos do seu mesmo color político estes gastos de urbanización os está a pagar a Xunta de Galicia, e non se repercuten aos propietarios do solo.

Tamén se bota de menos o goberno amigo da Xunta de Galicia, en tanto non se prevé ningún ingreso ou actuación salientable da Xunta no Concello.

Máis ben parece que o Alcalde está a xestionar o Concello mentres alguén non se faga cargo del.

O Alcalde insiste en que en tanto a Interventora está de baixa, o Secretario acumula as súas funcións perfectamente, sen necesidade de incrementar o gasto contratando a máis personal.

Por outra banda, a situación económica do Concello salta á vista: o 1,4% de carga financeira anual. Basta comparar con calquer outro concello para decatarse que este concello está nunha situación saneada, e xa non digamos con outras Administracións como a Estatal que ten un déficit brutal.

O tema das urbanizacións xa se explicou anteriormente, debendo recordarse que a elección do sistema de cooperación fíxose previa solicitude dos veciños. En relación á posibilidade de que ditas obras se financien con fondos de outras Administracións públicas, considera que os esforzos orzamentarios das outras Administracións, de

habelos, deben repercutir na totalidade dos veciños do concello, tal e como se fixo cos plans estatais, que se adicaron a infraestructuras xerais.

Tampouco é certo que os veciños pagan dous veces a urbanización. En primeiro lugar porque non todos son veciños, e en segundo lugar porque non todos os propietarios das parcelas (que uns son veciños, outros promotores e outros mercaron varias para facer negocio) mercaron o solo como urbanizado, senón que os termos da compra varían en función do tipo de contrato que perfeccionaron con promotor e, por último, porque non todos chegaron a pagar o 100% do prezo fixado.

En calquer caso, o RA-49 e a Palloza son a 8º e 9º urbanización que se executa no concello, e nunca houbo ningún problema ata que viu unha crise gravísima que, casualmente, foi negada polo goberno encargado de xestionala.

E fálase de mala xestión ou imprevisión, cando a raíz do problema é unha situación económica desastrosa xerada polo Goberno da Nación, que axfisiou aos promotores e aos posibles compradores de vivendas, xa que antes as entidades de crédito financiaban o 100% ou o 80% do prezo da vivenda e agora nin o 80% nin o 40%, o que conduce inexorablemente a situacións como a que estamos vivindo.

E desta situación é responsable, tanto o Goberno da Nación coma quen o apoiou na súa investidura; o BNG.

No relativo a taxa do servizo de enganche de auga, pode que pareza caro, pero o feito é que, a diferenza dos restantes concellos, incluído o concello de Lugo, en Outeiro de Rei se dá auga a quen a pide, e a rede abarca a totalidade do termo municipal.

O PSdG parece querer que os servizos os teñan uns poucos e moi baratos. Pero este goberno prefere que toda a poboación municipal disfrute dos servizos municipais, aínda que seña a un prezo algo máis caro.

E a proba de que as cousas se fan ben é que Outeiro de Rei é o único concello limítrofe con Lugo que medra.

Falan do IBI, que non está en mínimos e que iso perxudica aos gandeiros e agricultores. Pero se esquecen da subida da luz, da subida do gasóleo, da baixada de prezos do leite e dos produtos do campo, da suba dos fertilizantes.... Iso si que afecta aos gandeiros e non unha décima do IBI. pero a xente sabe distinguir perfectamente o que é un problema do que é unha broma.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación inicial dos Orzamentos Xerais para o exercizo 2011.

Realizada a votación, os orzamentos resultan aprobados con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP e catro en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

6.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO

Abórdase no presente punto da orde do día a moción presentada polo grupo municipal do BNG con data de 21 de febreiro de 2011, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce María Neira Fraga, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outerio de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte.

MOCIÓN CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a "Novacaixagalicia" a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coma orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma express da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarnos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensuados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos.

Galiza non pode ficar impasíbel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, ande as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida da caixas

de aforros galega aos seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non val resolver a crise económica actual, senón que pola contra vaina agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galegitude, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).

2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado "Plan de reforzamento do sector financeiro" no que atinxe ás caixas de aforro.

3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparellada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.

4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro."

Trala defensa da moción polo sr. Arcadio, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSDG-PSOE, quen defende a idea de que as forzas políticas deben apoiar unha entidade financeira galega forte, que apoie as empresas e familias galegas e impida a exclusión financeira dunha cuarta parte dos concellos de Galicia. Agora ben, esta entidade financeira debe ser, sobre todo, solvente.

O que debe facer a caixa galega é informar da súa exposición ao risco, e reunir as condicións de solvencia informadas favorablemente pola CECA e impostas por igual á totalidade das caixas de aforro españolas.

Insiste en que non están en contra dunha caixa galega, sempre que sexa solvente e cumpra coas condicións de solvencia esixidas polo Goberno da Nación.

Intervén o voceiro do grupo municipal do PP, quen manifesta que non pode estar dacordo co terceiro punto da moción en tanto reclama da Xunta de Galicia a defensa das competencias estatutarias de Galicia e, particularmente, no asunto das caixas de aforro,

xa que se alguén defendeu tales competencias autonómicas perante o Goberno de España foi o Presidente da Xunta de Galicia, non podendo facerse máis do que fixo.

Non obstante, expresa o seu desacougo ante o feito de que o Goberno da nación non fai moito afirmaba que o sistema financeiro español era o máis sólido de Europa e, incluso, do planeta, e agora veñen a decir que o problema das caixas é a solvencia.

Isto aseméllase máis a unha decisión política que a unha decisión técnica, e nestos temas e nestas circunstancias deberían adoptarse as decisións en base a criterios exclusivamente técnicos, para no afondar todavía máis na grave crise que sufrimos.

Por iso anuncia o apoio á moción, se ben coa matización de que a Xunta de Galicia fixo e fai todo o que está na súa man para salvar a caixa galega, como é ben coñecido.

O sr. Arcadio dí que se pode facer máis, como é recurrir un decreto que viola as competencias autonómicas galegas ou buscar recursos financeiros para acadar a solvencia das caixas.

O sr. Varela, voceiro do PSdG-PSOE, aclara que non dixo que a caixa galega non fose solvente, senón que tiña que ser solvente dalgunha maneira.

O sr. Pardo pide ao PSdG-PSOE que non traten a xente por tontos, xa que si sacaron o decreto é que consideran que as caixas (ou particularmente a caixa galega) non é solvente. Pero o seu grupo considera que a caixa é solvente e por iso apoia a moción.

E pretender, como fai o PSOE, acadar en catro meses ratios de cuore capital superiores incluso aos estabrecidos en Basilea III e para dentro de varios anos, é ser máis papistas que o Papa nun momento no que é contraproducente.

Finalizado o debate, sométese a debate a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con oito votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP e do BNG e dous abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal socialista con data de 24 de febreiro de 2011, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ao amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde por qué a terra produto do desmonte ou limpeza das cunetas, vértense nas propiedades privadas dos veciños que extreman coas vías?

2.- *¿Pode explicar o Sr. Alcalde a situación na que se atopa o campo de balón pé de Silvarrei, o cal está a ser utilizado como vertedoiro incontrolado? ¿ como non se tomaron as medidas oportunas para que isto siga ocorrendo ?.*

3.- *¿Pode explicar o Sr. Alcalde cando está previsto rematar definitivamente as urbanizacións da Palloza e a urbanización do sector RA-49 ?.*

¿pode explicar a calificación urbanística que ten actualmente, o solo por onde se pretende facer o camiño no sector RA-49”

O sr. Alcalde resposta:

En relación á primeira pregunta, a terra resultante do desmonte das cunetas, cando así o solicitan os veciños porque a necesitan para algo, bótase na súa finca, xa que se lles satisface a súa necesidade ao tempo que se aforran custes de transporte.

En relación a situación do campo de fútbol de Silvarrei, éste se atopa en desuso, circunstancia ésta que foi aproveitada por uns desalmados para verquer alí uns cartóns. Feito este que non comprende, xa que calquer persoa, para chegar ao campo de fútbol tivo que pasar necesariamente a carón de contenedores nos que realizar o verquido.

En calquer caso, o Concello encargárase de retirar esos cartóns e espera que as Administracións encargadas da vixianza poidan denunciar a quen o fixo ou vixiar para que non se volte a repetir.

Por último, o Concello espera rematar a urbanización do sector RA-49 este mesmo ano e, en relación á urbanización A Palloza, informa que actualmente se están a redactar os proxectos de urbanización e espera poder contratar as obras este mesmo ano.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de 24 de febreiro de 2011, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce María Neira Fraga, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal do Concello de Outeiro de Rei, por medio do presente escrito,

ROGO RELATIVO A MODIFICACION DE INDICADORES DA PARROQUIA DE SAN LORENZO DE AGUIAR,

Expoñen:

Dentro da campaña de sinalización que se está efectuando nas parroquias do concello, e considerando que os topónimos utilizados serán os recollidos no nomenclátor oficial aprobado no seu día pola Xunta de Galiza (Decreto 6/2000), pode observarse que no caso referido á parroquia de San Lourenzo de Aguiar se colocaron diversos sinais indicadores que non se adaptan á mencionada normativa, dado que en todos eles se pode ler o texto: "San Lorenzo". Esta circunstancia vén incidir na situación anterior, na que os indicadores existentes recollían tamén o nome da parroquia de idéntico modo.

*Á vista desta situación que consideramos anómala,
Solicitamos:*

1. Se proceda á modificación dos indicadores referidos á parroquia de San Lourenzo de Aguiar, que conteñen o texto "San Lorenzo", respetando o topónimo que figura no nomenclátor oficial, aprobado pola Xunta de Galiza: "San Lourenzo de Aguiar".

2. Retirada así mesmo dos indicadores antigos que conteñan o texto "San Lorenzo".

3. Revisión e modificación, se procedera, de calquera outro error similar que puidera ter acontecido en referencia aos topónimos utilizados en cada unha das parroquias do concello de Outeiro de Rei."

O sr. Alcalde asegura que se existe algunha sinal en mal estado ou algún erro de sinalización será correxido e se substituirán as sinais unha vez que remate do plan de sinalización.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.: José Pardo Lombao